

MOCIÓN DE AER SOBRE AXILIZACIÓN DOS EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA DA CEMENTEIRA DE VILAR

PLENO 5 NOVIEMBRE 2013. ACTA 18/2013

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal AER con número de rexistro xeral 14939 de data 30/11/2013:

“Sabendo que as competencias para a reposición da legalidade e sanción urbanística corresponden á APLU, axencia á que se remitiron no seu intre os expedientes de disciplina urbanística 83/06, 93/06 e 5/08, correspondentes á cementeira de Vilar.

Sabendo que o xulgado remitiu ao CEDEX a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, do 13/03/2013, onde se pide a este organismo a que “proceda no prazo prorrogable de dous meses, a avaliar as medidas e técnicas necesarias para a restauración ambiental no lugar de Millarada Vilar de Infesta 139 do concello de Redondela-Pontevedra, debido á actividade da industria do cemento levada a cabo en dito entorno pola entidade mercantil “Grupo J.A.C. Hormigones Vigo S.A.”, e con especial indicación do importe e custe monetario de ditas técnicas restauradoras”.

Vendo que o caso sangrante da cementeira de Vilar dura xa 24 anos e debe rematarse canto antes, e tendo en conta o anterior, propoñemos ao pleno os seguintes ACORDOS:

- 1.- Instar á APLU para que axilice a tramitación dos expedientes correspondentes á cementeira.**
- 2.- Instar ao CEDEX para que axilice o cálculo das medidas para a restauración ambiental na zona da cementeira.”**

VOTACIÓN E ACORDO.-

O Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as concelleiros/as, en votación ordinaria acordan:

- 1. o primeiro punto, aproban a moción por unanimidade dos concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER)**
- 2. o segundo punto é rexeitado por maioría dos concelleiros/as presentes, sendo 1 voto a favor (1 de AER) e vinte votos en contra (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE e 2 do BNG)**